# *Typha angustifolia / T. latifolia* L., 1753

- espalda(i)na, palla real/de pipas, bufos, cana dos bofardos, anea
- espadaña, enea, bohorda, paja real, cola de gato
- lezka zabala
- boga, balca, espadaña
- lesser bulrush
- tabúa



**ESTADO DE CONSERVACIÓN**

EX ES CR EP VU CA **PM**

**EX**: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

| DIVISION | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|---|---|---|---|---|
| **Magnoliophyta** | **Liliopsida** | **Poales** | **Typhaceae** | ***Typha*** |

## ORIXE

Europa.

## CARACTERÍSTICAS

Planta de porte herbáceo. Posúe un sistema de rizomas grosos e longos, subterráneos, importantes na fixación de sedimentos. Talo erecto, robusto e non ramificado, de sección redondeada. Ronda os 2-3 m de altura. Follas lineais, longas e planas, de cor verde glauca. Inflorescencia en forma de espiga cilíndrica; na parte superior aparecen as flores masculinas e na inferior as femininas. Floración na primavera. Froito pequeno, provisto de pelos sedosos que favorecen a dispersión polo vento. Produce enormes cantidades de sementes, polo que pode chegar a desprazar outras especies reducindo a diversidade vexetal.

## HÁBITAT

Típica de zonas húmidas continentais: lagoas, marismas, ribeiras, canles e encoros. Zonas de auga doce ou lixeiramente salobre. Prefire solos lamacentos e ricos en nutrientes.

## DISTRIBUCIÓN

Distribución case cosmopolita. Presente en Europa, Asia, África e América.

## CURIOSIDADES

É unha planta clave nas zonas húmidas. Serve como refuxio e lugar de cría para moitas especies de aves, anfibios e invertebrados. En seco é altamente inflamable.